



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

06 de maio de 2010

Nº 5/10

METEOROLOXÍA

Durante os últimos días as temperaturas medias baixaron dende 14-16°C ata valores de 11-12°C. Tamén se produciron algunhas precipitacións febres os días 28, 30 de abril e 1 de maio. Son de destacar os ventos refachados de máis de 20m/s do que se produciron fundamentalmente os días 3 e 4 de abril.

A **previsión**, de cara á fin se semana e días seguintes en Galicia, virá marcada polas baixas presións e a circulación de oestes. Isto deixaranos, como tempo máis probable, ceos anubrados con chuvias xeneralizadas de pouca intensidade. As temperaturas quedarán en valores suaves.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio F (acios visibles) a G (acios separados)



Depa da variedade Sousón no Condado

En xeral o aspecto e desenvolvemento dos viñedos esta a ser bo pero, nalgunhas parcelas con adianto vexetativo, produxose algunha rotura da gomariza debido aos refachos de vento que se produciron os días 3 e 4 de maio.

Ademáis, o descenso de temperatura nos

últimos días está a manifestar algúns síntomas de clorose na vexetación debido a inmovilización do nitróxeno no vexetal.

Coidados culturais

Mantemento do solo para o control do crecemento das herbas desenvolvidas (15-20 cm de altura).

Eliminacións dos chupóns que brotan no tronco da cepa, debendo realizarse sempre no caso de aplicar herbicidas con unha antelación de 2-3 días.

De selo caso, atado das cepas novas aos turores.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Mildeu (*Plasmopara vitícola*)

O 4 de maio detectáronse nalgunhas parcelas manchas de Mildeu, correspondentes ás condicións





de infección que se deron o día 21 de abril.

Os síntomas producíronse nos viñedos que non aplicaron o tratamento fitosanitario preventivo nos 3-4 días antes do 21 de maio nin nos 2 días posteriores á esta data con fitosanitarios stopantes de acción sistémica, penetrante ou a ciazofamida entre os cuticulares.

Recomendacións

Os viñedos que realizaron un tratamento fitosanitario no intervalo entre o 17 e 23 de abril deberán realizar tan pronto como sexa posible, ante a previsión de novas condicións de infección, o que sería o 2º tratamento específico recomendado da campaña.

Respecto á presenza de ácaros e o seu control, seguen vixentes as observacións e recomendacións do anterior boletín fitosanitario.

Cadro I.

Modelo de Goidanich para o seguimento do Mildeu en viñado en función da Tª e Hr.

En función da temperatura e humidade relativa media, íranse sumando valores cada día ata chegar ao valor 100, momento no que o período de incubación teórico finaliza e a contaminación asexual do fungo evidenciárase pola aparición de manchas de aceite.

Temperatura media °C	% diario de desenvolvemento do fungo con Hr media < 75%	% diario de desenvolvemento do fungo con Hr media > 75%
12 °C	0,0	5,3
13 °C	5,3	7,1
14 °C	6,6	9,0
15 °C	7,6	10,6
16 °C	8,5	11,7
17 °C	10,0	13,2
18 °C	11,1	15,3
19 °C	12,5	16,6
20 °C	14,2	20,0
21 °C	15,3	22,2
22 °C	16,6	22,2
23 °C	18,1	25,0
24 °C	18,1	25,0
25 °C en diante	16,6	22,2



Cadro II.

Tipos e características dos formulados para o control do Mildeu e estratexias de control.

Tipos e características dos produtos antimildeu:	SÍSTÉMICOS	PENETRANTES	FIXACIÓN AS CERAS CUTICULARES	CONTACTO
Penetración na planta	Sí	Sí	Non	Non
Movemento dentro da planta	Sí	Non	Non	Non
Protección dos órganos logo do tratamento	Sí	Non	Non	Non
Lavado por choiva	Non son lavados Sí ao menos transcurre 1 hora tras o tratamento.			Con precipitac. > 10 mm
Persistencia	12 días	10 días	10 días	7 días
Acción preventiva da infección das esporas	Sí	Sí	Sí	Sí
Acción de parada post-infección (Stopantes)	2-3 días	2 días	Ciazofamida, 2 días	Non
A. erradicante dos órganos contaminantes (secan as manchas de aceite visibles)	Sí, excepto fosetil-al	Non	Non	Non
Acción antiesporulante (impidíndoa)	Sí	Sí	Ciozofamida	Non
Risco de resistencia	Sí	Sí	Non, polo momento	Non
Xeralmente, período máis aconsellable de súa utilización.	Ata uva tamaño chícharo.	Uva tamaño chícharo o pre-envero.		Do envero a antes da recolección
Materias activas que forman parte dos preparados fitosanitarios.	Benalaxil Fosetil-al Iprovalicarb Metalaxil Metalaxil M	Azoxistrobin Cimoxanilo Dimetomorf Piraclostrobin	Ciazofamida Famoxadona Zoxamida	Folpet Cobres Mancoceb Maneb Metiram
Fitosanitarios formulados coas m.a. de tipo:	S + C S + P + C	P P + C	FC FC + C	C

- Na mesma campaña non se deben aplicar máis de 3 tratamentos coa mesma materia activa específica, sexa de tipo sistémico, penetrante ou de fixación ás ceras cuticulares, con obxecto de evitar a perda de eficacia dos produtos pola aparición de resistencias.
- O control do Mildeu cos fitosanitarios descritos é máis eficaz cando se aplican 2-3 días antes das condicións de infección, condicións que se dan cando o valor do nº de horas da folla mollada pola Tª media é superior ao índice 50. De non ser así, habería que aplicar un




produto fitosanitario de acción stopante dentro dos 2 días seguintes á infección. De calquera xeito, non é recomendable esperar ata as condicións de aparición de síntomas facendo un seguimento do periodo de incubación do fungo dende a infección, segundo o modelo de Goidanich.

- Ademais, hai que ter moi en conta que a maquinaria de aplicación esté perfectamente calibrada, que as doses sexan as indicadas na etiqueta, que o caldo fitosanitario chegue con gota fina e boa distribución á masa foliar e, en xeral, facer uso das boas prácticas fitosanitarias (climatoloxía axeitada, evitar derivas, goteo,...).

Cadro III.

Esquema do ciclo biolóxico do Mildeu e modos de control



MACEIRA

Araña vermella (*Panonychus ulmi*)

A **eclosión da posta de inverno** estase a producir nestes días, máis adiantada cara ao sur da comunidade e algo máis atrasada cara o norte. A baixada das temperaturas da última semana raletizou este avivamento que se verá incrementado cando comencen a subir as temperaturas.

Nas platacións con altas poboacións durante a pasada campaña é importante non esquecer dar un tratamento contra esta praga antes de que se inicie a posta de verán, desta forma reduciremos drásticamente a poboación que, de outra forma incrementárase exponencialmente.

O seguimento da eclosión pódese facer visulamente, cunha lupa manual, con lupa bilocular ou con **tablillas de seguimento con vaselina**. Esta é a mellor das opcións.

Para o control da araña vermella é imprescindible respetar a **fauna auxiliar**. Con este fin non deberemos utilizar **insectidas demasiado agresivos** contra outras pragas, xa que, no caso de facelo, provocaríamos con facilidade un aumento nas poboacións do ácaro.



[sigue maceira](#)

Un ataque intenso desta praga, que se convertiu en praga clave como consecuencia do uso indiscriminado de insectidas químicos de síntesis, pódese distinguir no verán coa aparición das típicas follas atabacadas, nas que a **reducción drástica da fotosíntesis** reduce a produción en peso de cada mazán, así como provoca unha enorme purga se o ataque é intenso. A defoliación durante os meses do rigor estival pode chegar a ser espectacular, deixando moitas ramas practicamente "peladas". As consecuencias alórganse ata o ano seguinte, xa que as árbores reducen as xemas destinadas á fructificación na seguinte campaña.



Follas e vexetación cun ataque intenso de araña vermella. Pódese ver o color atabacado inconfundible.